



Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central - MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2024/65	GOB18I00SU	
2U2F 3I18 201V 0R2P 0C20		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTE E CATRO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

SRES/AS ASISTENTES: <u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ <u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE <u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ <u>SRA. SECRETARIA SUBSTITUTA:</u> D/Dª MªANGELES MANTEIGA FULGUEIRA	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 12:15 do vinte e catro de xullo de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en segunda convocatoria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretaria DªMªANGELES MANTEIGA FULGUEIRA, a Secretaria substituta.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	---

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE ARQUIVO DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE CADUCIDADE INICIADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESTE CONCELLO DO DÍA 26-10-2023 E OUTORGAMENTO DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO CAMIÑO DO CARABUCHAL NÚM. 28- SAN MATEO.- (....)

PRIMEIRO: Arquivar o procedemento de declaración de caducidade iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello do día 26.10.2023 respecto da solicitude formulada por Salvador Folgar Couselo da licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar no Camiño do Carabuchal núm. 28 – San Mateo (ref. catastral



3107403NJ6230N0002LW e predio rexistral núm. 59.421), polos motivos citados na parte expositiva.

SEGUNDO: **Outorgar** a Salvador Folgar Couselo a licenza de primeira ocupación da vivenda unifamiliar sita no Camiño do Carabuchal núm. 28 – San Mateo (ref. catastral 3107403NJ6230N0002LW e predio rexistral núm. 59.421), con suxeción as seguintes condicións:

a) Axustarase en todo ás condicións especificadas na licenza de obras outorgada por resolución do Concelleiro-delegado de urbanismo do día 21.12.2020 (exp. 86/2019).

b) Ademais, axustarase aos proxectos, ao certificado final de obra visado polo COAG o día 09.08.2022, e demais documentación presentada aos efectos.

TERCEIRO: Proponer aos servizos económicos a aprobación dunha taxa de licenza de primeira ocupación por un importe total de **36,82 euros**.

CUARTO: Dar conta desta resolución aos servizos económicos municipais e notificala ao interesado.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3.-ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4